



Concello de Mugardos
(A Coruña)

DNA. PAULA ESPERANZA RAMOS DÍAZ, Secretaria do Concello de Mugardos, A Coruña.

C E R T I F I C O : Que o Concello Pleno na sesión ordinaria realizada o día 26 de outubro do ano dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte acordo, a parte dispositiva do cal é a seguinte:

“3º.- BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE.- EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS.-

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria, por oito votos a favor (5 PP+3 PSdG-PSOE), catro en contra (EU-SON EN COMUN) e 1 abstención (BNG), de conformidade co establecido no art. 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o Pleno adoptou o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á modificación dos artigos 5, 6, e eliminación da Disposición transitoria e texto refundido resultante do RRI da EIM As Lagoas segundo proposta da concelleira delegada de Benestar Social do 31 de agosto de 2022.

Segundo.- Proceder á apertura dunha fase de información pública durante trinta días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP, Espazo de Participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello (<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/>), no Portal de Transparencia do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparencia/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/board/97521486-f59b-11de-b600-00237da12c6a/>), prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas reclamacións ou alegacións estimen por oportunas.

De non presentarse suxerencia, reclamación ou alegación ningunhas, o acordo ate entón provisional quedará elevado automaticamente á categoría de definitivo, levándose a cabo a publicación do texto modificado consolidado do RRI da EIM As Lagoas no BOP de A Coruña, sen que entre en vigor ata que teña transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a súa remisión aos órganos competentes do Estado da Xunta de Galicia de conformidade co establecido nos artigos 70.2º e 65.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Contra o acordo así adoptado poderán as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia nos termos do artigo 10.1º.b) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e 112.3º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”





Concello de Mugardos
(A Coruña)

E para que conste e produza os efectos oportunos, e á reserva do disposto no artigo 206 do R.O.F., asínase dixitalmente pola secretaria da Corporación, Dna. Paula Esperanza Ramos Díaz, co visto e praxe do sr. Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, na data que figura á marxe.

